



21 de maio de 2008

Curso 2007/08 nº 27

boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

En páxinas seguintes:

Axudas a proxectos TIC de centros 2

Resolución do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres 2

Gratuidade dos libros de texto 2

Saudiña nº 15 2

Publicación en web do proxecto educativo E por que? 2

I congreso TADEGA 2

Premios a recursos educativos para a Sociedade da Información

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria convocan a segunda



edición dos Premios a recursos educativos para a sociedade da información, co obxectivo de promover a creación e divulgación de contidos dixitais de calidade para Internet, impulsar o coñecemento do software libre e reconecer o esforzo do profesorado na introdución das TIC na práctica docente.

Pódese participar en catro

modalidades:

- A- Ferramentas de autor**
- B- Materiais curriculares web e para encerado dixital**
- C- Vídeos e galerías de imaxes**
- D- Aplicacións de software libre**

O prazo de presentación rematará o 15 de setembro.

[Convocatoria completa no DOG](#)

Premios á innovación educativa

Na orde do 8 de maio de 2008 convócanse os Premios á innovación educativa para profesorado de centros públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este ano son 4 as modalidades polas que se pode participar :

- A. Experiencias didácticas innovadoras**
- B. Materiais educativos**
- C. Proxectos de centro**
- D. Medidas para a prevención do absentismo escolar e abandono temperán.**

O prazo de participación esta-

rará aberto ata o 15 de setembro

[Convocatoria completa no DOG](#)



Aulas de infantil en galego en contextos castelán falantes

O día 20 de maio publicouse no portal educativo da Consellería de Educación a convocatoria de axudas para implantar unha liña de infantil en galego en centros públicos situados en contextos castelán

falantes. No DOG publicouse tamén a Orde pola que se regula a concesión de subvencións a centros educativos privados concertados para a implantación de accións que potencien o ensino en lingua

galega no segundo ciclo de educación infantil.

[Acceso á convocatoria para centros públicos](#)

[Acceso á convocatoria para centros privados concertados](#)

Inmersión lingüística Outono 2008 para centros de primaria

Resolución provisional de centros seleccionados para participar no Programa de

inmersión lingüística outono 2008 para centros de educación primaria.


[Máis información](#)

Letras Galegas 2008

[Ligazón aos materiais da Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)

[Ligazón a materiais elaborados polos centros educativos](#)

Axudas a proxectos TIC de centros



Esta orde ten por obxecto convocar axudas para a realización de 10 proxectos de innovación educativa, que se desenvolverán no curso 2008-2009, para a validación de experiencias que permitan innovar e mellorar a calidade

da educación mediante a aplicación pedagóxica e didáctica das TIC ao proceso educativo e regular o procedemento para a súa selección. Serán proxectos de intervención pedagóxica baseados no uso das TIC para validar modelos

de ensino–aprendizaxe que fomenten o tratamento das competencias básicas a partir dun uso significativo das TIC no currículo

[Máis información](#)

Concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres



Resolución do 8 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se publica a adxudi-

cación definitiva de destinos do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 30 de outubro de 2007

(Diario Oficial de Galicia do 8 de novembro).


[Ligazón ao DOG](#)

Gratuidade de libros de texto

Orde pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros

sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2008-2009 .

[Máis información](#)



Está en preparación o número 15 de Saudíña, que tratará sobre “Valores e medios de comunicación”. As persoas

interesadas en enviar colaboracións poden facelo antes do 15 de xuño por correo electrónico.

valora@edu.xunta.es

[Normas de colaboración](#)

Publicación en web do proxecto educativo : E por que?

Trátase dun conxunto de unidades didácticas que atenden á educación infantil para a saúde, presentando os perigos da vida doméstica por medio de vídeos divertidos e de sinxela

comprensión. Está dispoñible no Portal Galego de Contidos Educativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

[Acceder ao recurso](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

I Congreso de Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega (TADEGa) 2008

O congreso terá lugar os días 23 e 24 de maio nas instalacións do MUPEGA de Santiago de Compostela atendendo con profundidade á innovación e vertebración das TIC no día a día das aulas, especialmente na atención á diversidade, e coa participación das

direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa, de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, e de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Máis información en www.tadega.net/.



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

O liberespazo: [acceso](#)

Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)

Webs temáticos



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación](#)

[Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)